

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

Es_factory

España - Portugal

Proxecto POCTEP

ES-FACTORY

Rede de aceleradoras da economía social
para impulsar e consolidar as actividades
nas novas economías emerxentes.

**PLAN OPERATIVO DE IMPLANTACIÓN DE
OBJECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO
SOSTIBLE PARA O IMPULSO DO
EMPRENDEMENTO NA ECONOMÍA SOCIAL**

Proxecto POCTEP

ES-FACTORY

Rede de aceleradoras da economía social
para impulsar e consolidar as actividades
nas novas economías emerxentes.

DIRECCIÓN

Unión de Cooperativas Galegas, EspazoCoop

REDACCIÓN:

Dalle que Dalle SCG
Laura Vidal Bralo

REVISIÓN:

Lorena Leiro Paz
M^a Susana Loroño Mondragón

TRADUCCIÓN:

Pedro Miguel Fernández Ventura

GRÁFICOS:

Laura Vidal Bralo
AB Comunicaci3ns

FINANCIAMIENTO:

Actuaci3n desenvolvida no marco do proxecto ES-Factory



Financiado nun 75% pola Uni3n Europea a trav3s do Programa Interreg VI-A Espa3a-Portugal (POCTEP) 2021-2027 e cofinanciada a trav3s de Eusumo (convocatoria 2025)

LICENCIA:

Plan operativo de implantaci3n de obxectivos de desenvolvemento sostible para o impulso do emprendemento na econom3a social © 2025 by Laura Vidal is licensed under Creative Commons Attribution-NonCommercial 4.0 International. To view a copy of this license, visit <https://creativecommons.org/licenses/by-nc/4.0/>



CC BY-NC 4.0 DEED

Attribution-NonCommercial 4.0 International

1. INTRODUCCIÓN	04
Os ODS na empresa	04
Situación actual: as metas dos ODS, Axenda 2030	04
Importancia da implantación dos ODS na empresa	05
2. OBXECTIVO DO PLAN OPERATIVO	07
3. O PROCESO DE IMPLANTACIÓN DE ODS NA ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	08
A. ESCOLLA DOS ODS DIANA OU PRIORITARIOS E METAS CHAVE	08
Métodos de escolla ou priorización	09
Establecemento dos obxectivos	12
B. IDENTIFICACIÓN DE AXENTES CHAVE	13
Internos	13
Externos	13
C. AVALIACIÓN	14
Indicadores estandarizados	14
Creación de indicadores	15
Recollida de datos	16
Análise de datos	17
D. PLAN DE ACCIÓN	18
E. COMUNICACIÓN: CARACTERÍSTICAS DOS INFORMES	19
4. ALIANZAS DE ALTO IMPACTO PARA OS ODS	20
5. ANEXOS	21
ANEXO I: ODS e metas	21
ANEXO II: principais indicadores estandarizados	23
ANEXO III: ferramentas e ligazóns de utilidade	25
6. BIBLIOGRAFÍA	26
7. GLOSARIO	26

Os ODS na empresa

Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, en adiante, ODS, son unha serie de fitos propostos pola Organización de Nacións Unidas no ano 2015 para acadar unha sociedade máis equitativa, xusta e respectuosa para o 2030. A pesares de que tal e como se atopan definidos na propia [web](#) se podería pensar que están destinados a ser abordados polos gobernos e institucións dos diferentes países, a realidade é que para a súa consecución é imprescindible a implicación de cidadanía e empresas.

As desigualdades sociais e o deterioro ambiental están estreitamente ligados ao desenvolvemento económico e ao tecido empresarial, especialmente á expansión do modelo capitalista industrial dende finais do século XIX.

Polo tanto a reestruturación social e económica necesaria para acadar un desenvolvemento sostible, pasa ineludiblemente polas empresas. As entidades que operan de xeito, responsable e inclusivamente son positivas para a sociedade pois crean e sustentan medios de vida, reducen a pobreza, xeran impostos e subministran produtos e servizo

de xeito eficiente e accesible.

Especialmente relevante é o caso das pequenas e medianas empresas, pois operan e impactan en contornas locais e teñen un rol chave no desenvolvemento sostible do territorio, posto que as súas decisións afectan aos recursos naturais, á comunidade e á economía local de xeito marcado.


A súa implicación e responsabilidade para cos ODS fortalece a súa lexitimidade como motores locais e xera valor compartido. Polo tanto, non se trata de filantropía, senón dunha estratexia integradora que crea un beneficio propio ao tempo que resolve problemas sociais e ambientais.

Por último, a economía social é o modelo que por definición recolle a gobernanza participativa, o reinvestimento de beneficios e que pon o ben común no centro. Trátase de entidades que xeran valor económico e social e polo tanto son actores estratéxicos na sostibilidade territorial equitativa e xusta.

Situación actual: as metas dos ODS, Axenda 2030

No momento da creación desta guía, atopámonos na metade da década, que en termos de sostibilidade está marcada pola Axenda 2030. A pesares de non existir aínda datos dos principais indicadores para o momento actual, 2025, a tendencia das revisións dos últimos anos indícanos que non se cumpriran a maior parte dos obxectivos nos prazos fixados. Isto débese principalmente á falta de inversión pública e privada en accións concretas para os ODS, á crise da Covid-19, ós conflitos armados e a unha falta de coordinación dos esforzos.

A continuación amósanse os datos dos indicadores con peores valores para os ODS en Galicia, analizados polo Instituto Galego de Estatística.



Infografía dos indicadores de ODS con peores datos rexistrados polo Instituto Galego de Estatística para a Comunidade Autónoma de Galicia. Os datos de referencia pertencen sempre ao 2015, e compáranse co ano máis recente do que se dispón información. Para o ODS 7, 13 e 15 todos os indicadores dispoñibles son favorables. Non existen datos para o ODS 14.

Importancia da implantación dos ODS nas Entidades de Economía Social

Moitas empresas seguen a considerar que a sostibilidade é unha obriga que deberán ir asumindo cos avances no desenvolvemento normativo ou unha serie de medidas que favorecen a mellora da imaxe que proxectan socialmente. Porén, a implantación dos ODS nas Entidades de Economía Social (EES) supón múltiples beneficios. Coñecelos permite orientar o proceso de escolla dos obxectivos e prioridades, incrementando a implicación da entidade na aplicación dos plans e medidas de mellora. Entre os beneficios directos atopamos:

1. Oportunidades de innovación

Tanto directamente, para cumprir con algúns dos obxectivos como indirectamente, debido á busca de solucións para facer avances nas metas sociais e ambientais. Moitas empresas atopan novas oportunidades de negocio no proceso de cumprimento dos ODS.

2. Novas oportunidades de mercado

Cada vez máis, tanto persoas como empresas e administracións están máis informadas e comprometidas cos ODS, polo que incluílos no desenvolvemento do negocio a calquera nivel, dará acceso a unha nova clientela. Tamén existe unha demanda crecente de provedores que acheguen garantías do seu compromiso cos ODS. Implicitamente en moitos ODS está o valor de crear e consumir de xeito local, polo que o seu cumprimento abre a porta á internacionalización ás EES.

Ex. Unha empresa Finlandesa de enerxías renovables que crea un parque eólico en Galicia, podería buscar provedores locais para dar cumprimento aos ODS.

3. Análise de riscos e anticipación

O esgotamento de materias primas e combustibles fósiles é un risco que moitas empresas non contemplan ata que abordan a elaboración dun plan de ODS. Reducir a dependencia de recursos que están próximos a esgotarse e que polo tanto terán unha flutuación en prezo e dispoñibilidade no mercado, constitúe unha garantía de estabilidade no negocio.

4. Incrementar a rendabilidade e reducir custos

Está implícito en diferentes ODS a optimización dos recursos naturais e a redución dos residuos e gasto enerxético, polo que a longo prazo, adoitan reducirse os custos asociados a determinados produtos ou servizos. Ademais, a mellora das condicións das persoas traballadoras tamén repercute nun incremento da produtividade, o que mellora a rendibilidade.

5. Incrementar a competitividade

Debido á maior eficiencia operativa, a unha estrutura financeira máis sólida e un capital humano máis comprometido, as empresas implicadas na consecución dos ODS teñen maior competitividade.

6. Acceso a financiamento

Nas licitacións, contratos e subvencións considéranse cada vez en maior medida e con maior peso a contribución das entidades aos ODS, polo que a súa implantación é indispensable para o acceso a estes sistemas de financiamento. Ademais, tamén as entidades bancarias valoran positivamente a súa inclusión no plan de empresa, pois fortalece a confianza de inversores.

7. Cumprimento normativo

Os ODS ao igual que a Axenda 2030 van marcando o desenvolvemento normativo a todos os niveis, que cada vez se concretará máis no cumprimento de certas medidas e índices para obrigar a que as empresas contribúan a determinadas metas. Por iso, aquelas entidades que xa teñan un plan serán pioneiras e poderán anticiparse a determinadas restricións que se irán impondo progresivamente.

8. Mellorar as relacións con terceiros e axentes chave

Tanto provedores, colaboradores, clientes e aliados estratéxicos teñen maior confianza nunha entidade que aborda o seu compromiso cos ODS publicamente e de xeito sistematizado.

9. Desenvolvemento do capital humano e sentimento de pertenza

A implantación dos ODS na entidade axuda a crear ou afianzar os valores corporativos tanto externa como internamente. Isto xera unha vinculación positiva das persoas empregadas e socios coa empresa ao ver representados os seus propios valores na organización. Esta vinculación promove un aumento na motivación e na implicación das traballadoras máis aló do seu salario. A maiores, as entidades cunha traxectoria na contribución aos ODS, melloran a cultura organizativa e atraen e reteñen talento, reducindo a rotación.

10. Mellora da reputación

O plan de ODS pode e debe estar aliñado co plan RSE e polo tanto contribúe á percepción positiva que a sociedade ten da empresa. Calquera contribución aos ODS repercute en definitiva na mellora da saúde e o benestar das persoas, polo que indubidablemente contribúe ao ben común. Un plan de ODS transmite compromiso ético e transparencia da responsabilidade social e ambiental.

11. Incrementar a resiliencia da entidade

No contexto actual mundial de constantes cambios, as entidades máis resilientes serán aquelas con maior traxectoria na implementación de medidas de xestión de riscos, diversificación, innovación, retención de talento e fortalecemento da confianza e a reputación.

12. Abordar o desafío social e ambiental con maiores garantías

Moitas empresas asumen informalmente a súa responsabilidade social e ambiental, aínda que materializar un plan de ODS axuda a concretar obxectivos e avaliar a progresión da entidade na súa consecución de xeito máis fiable e preciso.



Infografía resumen de las principales ventajas desde el punto de vista empresarial de la implementación de un plan de ODS

2. OBXECTIVO DO PLAN OPERATIVO

Un plan operativo de implantación é un documento que detalla como executar unha determinada estratexia nunha entidade concreta. Este plan operativo de implantación de ODS pretende polo tanto recompilar o marco teórico básico para o desenvolvemento dunha estratexia de ODS nunha EES ou proxecto emprendedor e os pasos a seguir para implantala de xeito efectivo e sinxelo. O documento complementábase cunha ferramenta que axudará tanto á creación de novo dun plan de ODS de xeito intuitivo a través dun formato de folia de cálculo de Google. Pode acceder á ferramenta [aquí](#).

Se a entidade xa conta cun compromiso social e ambiental informal, poderá ter en conta esta situación de partida para a súa concreción no plan de ODS. Ao longo do documento atopará diferentes ligazóns a ferramentas complementarias de uso gratuíto coas que poderá afondar en diferentes aspectos se así o desexa. As diferentes fases que contempla un proceso de implantación de ODS resúmense no seguinte gráfico.

A complexidade deste traballo reside en crear un instrumento o suficientemente xenérico como para que poida ser empregado por unha ampla variedade de EES ao tempo que se mantén o suficientemente concreto para ser útil e práctico. Recomendamos pois, a lectura completa do documento antes da utilización da ferramenta, xa que na mesma dispóñense soamente indicacións básicas para avanzar metodoloxicamente, mais non se fai referencia ao marco teórico-conceptual. Así mesmo, indicar que as directrices son orientacións xerais que deben ser adaptadas a cada entidade de xeito individual.

Para facilitar a aplicación das diferentes fases pode revisar datos de dous tipos de exemplos introducidos ao longo do documento, un dunha EES consolidada e outro dunha idea de negocio en desenvolvemento. Tamén pode atopar unha ligazón a cada un destes exemplos aplicados na propia ferramenta no ANEXO III.




EMPRESA CONSOLIDADA

Unha cooperativa que fai e vende pan artesán dende 2019 nunha freguesía rural vai implementar un plan de ODS coa idea de posicionarse no mercado on-line.



PROXECTO EMPRENDEDOR

Unha emprendedora está a deseñar o modelo de negocio dunha cafetería que estará situada no centro dunha cidade. Quere desenvolver dende o inicio unha estratexia que inclúa os ODS a fin de evitar a constante rotación de persoal que adoita ter o sector hostaleiro.



Resumo dos pasos a seguir para a creación dun plan operativo de ODS.

A. Escolla dos ODS diana ou prioritarios e metas chave

Debemos diferenciar dúas aproximacións no momento no que unha entidade decide implantar un plan de ODS ou de sostibilidade: se se trata dunha EES en funcionamento ou dunha idea ou proxecto de negocio. No primeiro caso, será máis doado a escolla en base ao plan de RSE e á cadea de valor da entidade. Poderanse utilizar datos dos que dispoñan ao longo da súa traxectoria para analizar o estado base e existe polo xeral unha maior confianza sobre as metas e prazos que se poden establecer. No segundo caso, é un gran momento para establecer un plan de ODS aliñado coa misión e valores da futura empresa, existirán a priori, maiores facilidades para implantar medidas e establecer os sistemas de avaliación.

En calquera dos casos, é importante que unha entidade que inicia este proceso sen traballo previo, é dicir, sen ter adicado esforzo anteriormente a aplicar medidas e avaliar o seu progreso en materia de sostibilidade, faga un exercicio de escolla minucioso e cauto, centrándose nunha primeira aproximación en poucos obxectivos. O número chave adoita ser tres, aínda que dependerá tamén da cantidade de metas dentro de cada obxectivo que se queiran acadar e de si existe unha aplicación transversal. A importancia deste inicio comedido é a optimización dos recursos, pois facer unha selección moi ambiciosa nun primeiro momento, pode levar á dispersión dos esforzos nas diversas áreas e impedir un avance significativo na maioría delas.



A panadería decidiu seleccionar dúas metas do ODS 2, unha do ODS 3, unha do ODS 4, catro metas do ODS 8, dúas metas do ODS 12 e unha do ODS 13.



A promotora da cafetería decide seleccionar catro metas do ODS 8 e catro metas do ODS 12.

As EES e proxectos emprendedores acadan mellores resultados iniciando a implantación cun número reducido de metas e medidas, e ampliando os obxectivos unha vez teñan afianzados os sistemas de recollida de datos, avaliación e comunicación. A sostibilidade en xeral sempre debe ser unha prioridade estratéxica e polo tanto enfocarse no que ten sentido no primeiro momento é o que permite avanzar co paso máis firme e seguro.

Por outra banda, cómpre resaltar que a escolla dunha figura xurídica da economía social trae aparelada unha serie de vantaxes respecto aos ODS. A economía social prioriza ás persoas sobre o capital, fomentando condicións laborais xustas e reducindo as desigualdades a través dunha repartición equitativa da riqueza. O modelo e participación democrática e a maior predisposición á creación de alianzas, implica que o propio marco legal no que se fundamentan contribúe a algunhas metas dos ODS 1, 8, 10, 16 e 17.

A continuación propóñense cinco métodos para a priorización dos ODS chave para unha entidade. Algúns destes métodos son complementarios e poden combinarse se a entidade o considera de interese. Na ferramenta dispón de tres opcións: “Aplicación transversal”, “Sector” e “Plan de RSE”, que poderá seleccionar para escoller os ODS e metas seguindo estas metodoloxías.

Métodos de escolla ou priorización


Método 1:

Analizando a cadea de valor para identificar as áreas de maior impacto

É o xeito máis complexo pero máis exhaustivo para levar a cabo a escolla dos ODS e metas nos que se debe enfocar a entidade, e permite tamén unha análise das medidas que se poden aplicar, atendendo á súa viabilidade e aos datos dos que se dispón ou se pode dispor para o establecemento de indicadores fiables. Pode aplicarse tanto en entidades consolidadas como en iniciativas emprendedoras, malia que nestas últimas ao tratarse da cadea de valor hipotética, existen maiores posibilidades de que no momento da implantación se detecten cambios e teñan que producirse reestruturacións.

En todo caso, calquera empresa ou iniciativa debería avaliar cales son ou serán os seus impactos positivos e negativos máis significativos. Vincular estes impactos cos ODS axudará a sistematizar a súa avaliación e establecer as liñas de actuación futuras.

No ANEXO III pode atopar ligazóns de interese para afondar en como elaborar unha cadea de valor.




Exemplo de cadea de valor sinxela dunha cafetería onde se recollen os ODS asociados aos procesos principais e de apoio que crean valor na empresa.

Método 2:
Baseándose na RSE

É un sistema que poden empregar preferentemente entidades consolidadas, que teñan xa implantado un plan de Responsabilidade Social Empresarial. Este plan de RSE estará baseado na estratexia de negocio, polo que analizar de que xeito contribúe aos ODS deixará unha pista sobre cales poden ser os obxectivos prioritarios da entidade.

Se a entidade aínda está en fase de desenvolvemento e non ten plan de RSE, pode ser interesante construír un plan que non só teña en conta a estratexia de negocio senón tamén os ODS. No ANEXO III pode atopar información complementaria para crear un plan de RSE.

Pode resultar útil revisar ou crear unha matriz de materialidade para chegar a un mapa do impacto social e identificar a partir da revisión de ODS e metas do ANEXO I cales están aliñados con esta matriz.



Matriz de materialidade dunha panadería onde se asignan os ODS identificativos para os factores máis relevantes.

Método 3: Pola relevancia segundo o sector empresarial ao que pertencen

É un dos métodos máis sinxelos, pois calquera EES ou idea emprendedora pode seleccionar metas e ODS relacionados co seu sector de actividade. Pérdese certa identidade e diferenciación do resto de empresas similares do mercado, aínda que sempre se pode recuperar no momento da escolla das medidas para acadar os ODS. Na ferramenta que se achega poden establecerse un ou máis sectores que encadren a actividade da entidade para ver os ODS e metas asociados. Tamén se pode consultar o ANEXO I para a revisión da clasificación de ODS relevantes por sectores.

Método 4: Segundo as prioridades no contexto xeográfico e social da entidade

A pesares de ser un factor “externo” á entidade, como xa se explicou no primeiro epígrafe deste documento, as entidades fan parte dos territorios nos que operan e polo tanto, a análise das necesidades destes e a integración das mesmas a través da escolla dos ODS pode ser unha vía que facilite a contribución da empresa á comunidade e a consolidarse como referente local. Un exemplo pode ser o compromiso coa lingua galega da entidade, vinculado ao ODS 11, meta 4, “Protexer o patrimonio cultural”. O apoio a produtores rurais do Douro - Trás os Montes, no eido do ODS 2, meta 3, “Aumentar a produtividade dos pequenos produtores” tamén é un bo exemplo de escolla segundo o contexto xeográfico.

Unha característica compartida do territorio de Galiza e Portugal é a necesidade dunha boa xestión dos montes, ao seren rexións con alto risco de incendios. As empresas poden investir en limpezas, uso responsable da biomasa, ou reforestacións con especies autóctonas, vinculándose ao ODS 15, meta 2, “Xestión sostible dos montes”

Método 5: Integrando varios ODS de xeito trans- versal ao funcionamento da entidade

Existen unha serie de medidas e metas xerais que se poden integrar transversalmente ao funcionamento ordinario de calquera entidade. Na ferramenta que acompaña este plan operativo poderá seleccionar se desexa visualizar as diferentes metas transversais dos ODS e escoller aquelas que sexan apropiadas no contexto da entidade.

Aplicando os ODS de xeito transversal ao funcionamento da empresa búscase unha transformación integradora da mesma no eido da sostibilidade. Ao tratarse de incluír pequenos cambios na estrutura e funcionamento da entidade, nestes casos non consideramos un número límite de ODS como se mencionou ao comezo deste epígrafe.

Baseándonos nos dez principios do Pacto Mundial poderíamos establecer unha clasificación en catro áreas e vincular os principais ODS de cada unha delas como se amosa a continuación.



A promotora da cafetería decide escoller como transversal o ODS 8, pois pretende crear emprego de calidade tomando unha serie de medidas estruturais en todo o modelo de negocio.




A cooperativa escolle como ODS transversal o 13, co fin de integrar ao longo de todo o proceso produtivo unha serie de medidas que diminúan os impactos ambientais da actividade.



Clasificación dos 10 principios do Pacto Mundial e vinculación cos ODS

Establecemento dos obxectivos

Para poder desenvolver un plan de ODS cómpre establecer uns obxectivos específicos para a entidade. As metas dos ODS inclúense a modo de orientación pero adoitan ser xeralistas, e resulta imprescindible a súa concreción para cumprir cos requisitos SMART, que é un acrónimo en lingua inglesa para recoller os termos Específico, Medible, Alcanzable, Relevante e Temporalizado.



Siglas en inglés das cinco características chave para a definición dos obxectivos. Na parte inferior amósase o exemplo de como aplicando cada característica se reformula unha das metas do ODS 8.

Para establecer obxectivos que poidan ser medibles e alcanzables, adóitase sondar o estado dos indicadores que se definirán no epígrafe C ou analizar os datos dos que a entidade dispoña nas diferentes áreas nas que se pretende establecer os obxectivos. Por exemplo, unha entidade que queira establecer como obxectivo a mellora das condicións salariais das persoas traballadoras, pode revisar os salario medio dos últimos anos para establecer se unha mellora do 10% nos vindeiros 5 anos é asumible e significativa.

Con información previa pódense establecer de forma máis eficaz os obxectivos de xeito alcanzable nun tempo determinado, ao ter datos de referencia e observar a súas tendencias e evolucións nos últimos anos. Porén, non é habitual que as entidades pequenas dispoñan dos medios e non debe resultar un punto crítico para pequenas EES e iniciativas emprendedoras, que simplemente deben establecer a maior concreción posible nos obxectivos e fixar metas realistas e asumibles no medio e longo prazo.



No caso da cafetería, ao tratarse dunha idea de negocio, non poden concretar con datos reais os obxectivos. Polo tanto, para a meta 4 do ODS 8 definen o obxectivo como: "Para o 2030, diminuír a cantidade de lixo da fracción resto."

B. Identificación de axentes chave

Na maioría de pequenas EES e proxectos emprendedores quizais non ten sentido falar de axentes chave internos, pois todas as persoas traballadoras adoitan estar ao corrente de todos os procesos da entidade. Aínda así, é axeitado establecer cales son os procesos que precisan de organización interna e cales os que precisan de terceiras partes. Isto permite unha mellor e máis sinxela adxudicación posterior dos axentes ou procesos ao plan de acción, concretando en cada medida cales serán os recursos necesarios.

Internos

Dentro dos procesos ou axentes internos atopamos:

Comercial:

atopando solucións dentro da propia empresa, empregando os produtos ou servizos da mesma para avanzar nos ODS. Por exemplo, unha entidade bancaria ofertando microcréditos cun tipo de xuro especial para proxectos aliñados, ou persoas vulnerables. Así mesmo empregando a propia entidade para reducir as desigualdades instalando sistemas de accesibilidade universal para as persoas traballadoras e clientes.

Recursos humanos:

creando bolsas, programas filantrópicos ou programas formativos que contribúan a acadar algúns dos obxectivos seleccionados. Por exemplo acoitando estudantes de doutoramento que teñan o foco de estudo na investigación ou innovación dalgún produto ou servizo relacionado coa entidade.



A promotora da cafetería ten a idea de desenvolver un programa formativo para baristas que queiran iniciarse nas novas técnicas para facer café das que ela é especialista.

Marketing:

creando campañas de publicidade para concienciar á poboación, difundir boas prácticas ou hábitos ou mesmo apoiar algunha causa concreta. Por exemplo, unha empresa do eido sanitario pode acadar o obxectivo proposto para o ODS 3 investindo en campañas de saúde preventiva, seguridade viaria ou saúde sexual e reprodutiva.

I+D+i:

investindo en innovación e investigación, ben de xeito directo ou ben convocando concursos ou premios para determinadas liñas de I+D+i se non se conta con departamento propio. Un exemplo pode ser unha entidade do sector agrícola que diseña unha plataforma con intelixencia artificial para optimizar os regos.

RSE:

ofrecendo produtos ou servizos gratuítos a persoas vulnerables ou países empobrecidos ou en determinadas circunstancias ou organizando accións de voluntariado. A miúdo atopamos exemplos en momentos puntuais de desastres naturais nos que diferentes entidades colaboran doando produtos ou facendo actividades de voluntariado, máis realmente poderíase realizar ao longo de todo o ano.

Produción ou equipo informático:

creando ferramentas que axuden en determinados procesos e compartíndoas. Por exemplo, unha panadería pode contribuír ao ODS 4 compartindo unha guía ou aplicación que axude a calcular os tempos de fermentacións axeitados para diferentes combinacións de fariñas e levedos.

Externos

Entidades de cooperación nacional ou internacional:

para cooperar contribuíndo con produtos ou servizos da empresa en proxectos destas entidades ou poñendo a disposición infraestrutura ou coñecementos. Por exemplo, algunhas cooperativas galegas envían técnicos “agripoolers” para asesoramento en entidades de América do Sur.

Entidades sen ánimo de lucro:

para colaborar facendo doazóns a entidades con fins aliñados a un determinado ODS como por exemplo a comedores sociais para acadar o obxectivo de acabar coa fame.



A panadería conta cunha colaboración co Banco Alimentar Contra a Fome para enviarlles o excedente de fariñas.

ONGs, universidades, entidades do sector público ou empresas:

para trazar alianzas co fin de crear e levar a cabo proxectos que contribúan de xeito conxunto a acadar determinados obxectivos.

Entidades afíns á temáticas concretas:

para apoiar eventos ou xornadas de interese asistindo e achegando.

Emprendedores locais ou en países en vías de desenvolvemento:

para axudar a xerar tecido empresarial sostible e emprego de calidade.

C. Avaliación

Unha vez establecidos os obxectivos e delimitados os axentes chave implicados, precísase estipular unha serie de indicadores que permitirán avaliar periodicamente a evolución para acadar as metas propostas. A escolla dos indicadores debe facerse neste punto por tres motivos fundamentais:

1. A maioría das entidades pequenas non recompilan datos de xeito sistemático, polo que se non establecen previamente os indicadores poden atoparse con que non dispoñen de información fiable e suficiente para avaliar cando chegue o momento. Ex. non se recolle información sobre as horas de formación que reciben as persoas empregadas, e no momento de avaliar decatámonos de que non aparecen especificadas nas facturas as horas, nin tampouco existe dato das persoas participantes desagregado por xénero, categoría profesional, etc.
2. Permite anticipar se algún dos axentes chave identificados previamente deberá recompilar tamén datos que precisaremos para a avaliación. Ex. son as entidades formadoras externas que contratamos as que recompilarán as follas de asistencia e nos transmitirán cantas horas de formación impartiron a cada grupo, cantas persoas asistiron e o recuento por xénero.
3. Establecer os indicadores previamente evita nesgo na análise de resultados.

Indicadores estandarizados

Existen diferentes estándares que recollen indicadores internacionalmente aceptados para a análise da sustentabilidade e o seu uso garante un exercicio de transparencia das empresas en materia de sostibilidade. O uso destes indicadores axuda a que todas as partes interesadas poidan comprender os datos e permite a comparativa entre entidades.



A panadería quere elixir como indicador estandarizado para avaliar o ODS 13 as Emisións GEI directas. Revisa a ferramenta do MITECO que permite o seu cálculo e comproba que coas facturas de combustible, electricidade e leña poden avaliar con este indicador sen complicacións.

Porén, moitos destes estándares teñen unha gran complexidade e non resultan operativos para as pequenas EES e proxectos emprendedores. Ademais existen diferentes casuísticas propias de cada modelo de negocio que requiren de indicadores específicos para ofrecer unha visión exacta dos avances en materia de sostibilidade.



A promotora da cafetería observa que para o ODS 8_5 o indicador estandarizado axeitado é Salarios e Beneficios. Porén, considera que non avalía en profundidade o obxectivo que ela marcou: "Para o 2030, consolidar un cadro de persoal estable con rotación inferior a un 20%.

No ANEXO II pode consultarse unha táboa dos principais indicadores estandarizados. Están incluídos na ferramenta e aconséllase o seu uso e a súa revisión antes da creación de indicadores específicos, pois en moitos casos resulta útil realizar adaptacións nas definicións dos mesmos para achegalos á realidade da entidade.

Creación de indicadores

Na ferramenta pode realizar unha escollo dalgúns indicadores dispoñibles para cada meta dos ODS seleccionada. Se existe imposibilidade de utilización dos indicadores máis habituais ou se non reflicten a realidade da entidade, deberase analizar o motivo para determinar se convén realizar unha modificación ou substitución por outro indicador. Por exemplo, para o indicador “Xeración de Residuos” que mide os Kg de residuos/€, podemos atoparnos con que non podemos empregalo porque pagamos unha taxa do lixo que non se axusta aos quilogramos de lixo polo que non reflectirá a progresión ou regresión cando apliquemos as medidas. Neste caso, poderíamos decantarnos por facer unha medición interna colocando unha balanza na área de xestión de residuos ou contando o número de bolsas de lixo que sacamos ao mes, realizando unha pesada aleatoria dalgunhas bolsas ao longo do ano para establecer un dato aproximado.



A panadería considera que pode modificar o indicador Adquisicións Locais para crear outro indicador complementario Adquisición Ecolóxica ou Asímiladas. Decide que vai considerar como provedores de grans ecolóxicos aqueles con colleitas negativas nun test comercial de detección de praguicidas ademais das que están certificadas pola autoridade competente.

No caso de crear ou adaptar indicadores terase en conta que deben presentar as seguintes características:

Claros e obxectivos

Empregaranse preferiblemente parámetros numéricos para evitar o nesgo do que mide ou avalía. Ex. pódese avaliar a contribución ao obxectivo “Para o 2028, asegurar a igualdade de oportunidades das mulleres no acceso a postos directivos e de responsabilidade” mediante un indicador obxectivo, como é a relación entre o número de mulleres que no momento da avaliación ostentan cargos directivos ou de responsabilidade, previamente definidos no organigrama da entidade respecto o número total de persoas traballadoras. Porén, podería avaliarse tamén mediante unha enquisa ás persoas da entidade na que se pregunte sobre a percepción na igualdade de oportunidades, ascensos, etc. cunha escala Likert do 1 ao 5. Mais os resultados das enquisas deberán ser analizados e interpretados por a persoa que se encarga de avaliar a progresión do obxectivo, polo que poden realizarse diferentes interpretacións, especialmente cando os resultados non son extremos.

Específicos para o que se quere medir

Prestando atención a evitar as influencias doutras accións que leve a cabo a entidade ou de factores externos. Ex. se quero avaliar a contribución da miña entidade ao ODS 6, e o indicador é a relación entre a cantidade de auga total empregada e o valor engadido neto da entidade, mais o contador de auga é compartido para unha serie de oficinas de diferentes organizacións, non vou poder utilizar ese indicador.

Con capacidade de progresión e regresión

Un bo indicador debe poder incrementar e diminuír o seu valor. Exemplo: cando unha empresa está en crecemento o número de mulleres contratadas sempre aumentará ata que a entidade acade un punto de estancamento. Por iso o indicador axeitado debe ser a relación de mulleres contratadas sobre o total de novas contratacións ou sobre o total de persoas. Deste xeito, aínda que o número de mulleres sempre se incrementa na entidade, a relación pode progresar ou regresar, en función de se se incrementa, mantén ou diminúe a intensidade de contratación de mulleres.

Definidos de xeito preciso

Este parámetro supón o maior reto no momento de crear indicadores. Definir o indicador de xeito que se poida empregar en calquera circunstancia presente ou futura e por parte de calquera entidade, así como a metodoloxía de cálculo, permite que os indicadores sexan comparables tanto entre diferentes momentos ao longo do tempo como entre diferentes entidades. Como exemplo podemos citar o cálculo do número de persoas traballadoras dunha entidade. Non é o mesmo contar con 4 persoas a xornada completa que con 3 persoas a xornada completa e 1 persoa a media xornada. Por iso, se definiu de xeito estandarizado o reconto equivalente de xornadas completas, que permite calcular o número de persoas traballadoras con calquera tipo de xornada de xeito que se poidan comparar, como se explicará no seguinte epígrafe.

Controlables de forma sinxela

Sen dúbida, podemos establecer indicadores ideais que sexan moi específicos e obxectivos, pero se non se vai dispor de datos periodicamente, non cumpriran co seu cometido, que é axudar á entidade a avaliarse. Un exemplo é a cantidade de emisións de GEI a atmosfera. Unha industria podería instalar sensores nas diferentes chemineas que recollan a información en tempo real das emisións primarias, porén, se a lei non o indica e o investimento que supón é moi elevado, é máis operativo para a empresa estimar as emisións segundo os litros de combustibles empregados.



A promotora da cafetería decide incorporar a taxa de rotación de persoal como un indicador para o ODS 8_5. Defíneo como o número de baixas da anualidade dividido entre o EXC. Tamén vai incorporar un indicador de satisfacción do persoal, definido como a puntuación media obtida nas enquisas anuais con diferentes ítems que empregan a escala Likert.

Recollida de datos

Como xa se mencionou anteriormente, a recollida de datos, tanto propia da entidade como de terceiros, de ser o caso, é fundamental para poder avaliar os diferentes indicadores.

Neste punto cabe destacar a importancia de contar cun software ERP (Enterprise Resource Planning ou programa de xestión empresarial). Este tipo de programas informáticos facilitan a facturación, xestión dos recursos humanos, interacción cos clientes, entre outros aspectos, e tamén son de grande utilidade para a obtención dos datos que a maioría dos indicadores requiren. No ANEXO III figura unha relación de software de utilidade para a recollida de información e análise de datos. No caso de pequenas EES ou iniciativas emprendedoras que aínda non se decidisen por un software de xestión, precisarán establecer un sistema onde recoller toda a información para os diferentes indicadores escollidos de xeito sinxelo e sistematizado.



A cafetería tiña en mente contratar un software de xestión de hostalería para as operacións habituais (comandas, reservas, cobros, etc). A promotora vai afondar na revisión das características e valorar outras opcións que permitan a recollida de información necesaria para avaliar os indicadores establecidos. Así, se pode integrar no mesmo software as enquisas de satisfacción do persoal, o cálculo do consumo de auga, etc.,

É recomendable para aquelas entidades que teñan externalizados os servizos de contabilidade, informar á empresa que os realiza dos datos que se van a precisar. Se se solicita con antelación adoitan poder desagregarse os datos nas Contas de Perdas e Ganancias e nos Balances de Situación para dispoñer de información de utilidade para os indicadores de ODS. Tamén se pode establecer un acordo no que se calculen directamente os indicadores da área económica e se faciliten no momento da realización das contas anuais e informes fiscais.



A panadería recolle todos os datos de facturación no seu programa habitual. Contactan coa mutua para asegurarse de que van dispoñer dos datos de lesións e pásanlles un listado dos indicadores e definicións á xestoría para que lles faciliten os cálculos daqueles vinculados con cuestións económicas. En canto aos residuos, deciden mercar unha balanza que instalada debaixo dos caldeiros dos distintos tipos de residuos, recolle a información automaticamente e coa que poden obter os valores necesarios a través dunha app sinxela.

Deberase ter en conta para as entidades de máis de 20 persoas traballadoras, que é necesario desagregar os datos dalgúns indicadores en diferentes categorías, como pode ser o xénero, a categoría laboral, tramos de idade ou localización xeográfica.

Análise de datos

A maioría de indicadores adoitan referenciarse ao Valor Engadido Neto (VEN) ou ao Equivalente de Xornada Completa (EXC). O primeiro é un indicador do crecemento ou decrecemento dunha entidade en termos económicos, mentres que o segundo é un indicador estandarizado do número de persoas traballadoras.

O VEN calcúlase como a diferenza dos ingresos e os gastos, incluídas as amortizacións. Deste xeito, é un valor que indica a riqueza que unha entidade xera e que pode distribuír entre as persoas traballadoras e a contorna. Resulta útil para referenciar os resultados de moitos indicadores, pois os datos brutos non adoitan ser útiles para as comparativas. Por exemplo, unha entidade que avalía as emisións de GEI pode ver que nunha anualidade emitiu 2500 Kg equivalentes de carbono, e na seguinte anualidade, pese a aplicar medidas ascendeu a 3500 Kg. Porén, cando se ten en conta o VEN obsérvase que na primeira anualidade era de 35.000 € mentres que na segunda foi de 67.000 €. Isto implica que o indicador referenciado pasou de 0,07 Kg/€ a 0,05 Kg/€ polo que se pode concluír que as medidas aplicadas foron efectivas xa que a entidade medrou significativamente incrementando moi pouco as súas emisións.

O EXC posibilita a comparación eficaz do número de persoas traballadoras cando existen diferentes tipos de contratos e modalidades de xornada. Pode calcularse de dous xeitos diferentes:

- Contabilizando o número de horas traballadas por cada persoa traballadora, obtendo a suma total e dividindo o valor entre o número de horas anuais establecido no convenio. Esta metodoloxía é moi precisa e resulta doada de empregar nas entidades que teñen implantado un sistema de rexistro de xornada diario.

- Aplicando a seguinte fórmula despois de revisar os datos necesarios nos contratos:

$$EXC = \sum (P * X * \frac{M}{12})$$

P corresponde ao número de persoas cunha xornada X determinada. Onde X corresponde á porcentaxe da xornada, é dicir, consígnase 50% para a media xornada, 100% para a xornada completa e calquera outra porcentaxe correspondente a outro tipo de xornadas. E onde M é o número de meses traballados por cada persoa P co contrato X.

Deste xeito, se temos dúas persoas a xornada completa con contrato que traballaron todo o ano na entidade introducimos P=2, X=100% e M=12, e para unha persoa a 30 horas durante 4 meses engadimos P= 1, X= 75%, M=4 e o sumatorio das dúas sería EXC = 2,25.

Con este indicador, contaremos cun valor de persoas traballadoras comparable ao longo do tempo a pesares de que poidan variar os tipos de contratos e as súas duracións. Por exemplo, para unha entidade que quere avaliar a calidade do emprego a través do indicador de salarios, terá que dividir o gasto anual en salarios e cotizacións á Seguridade Social entre o EXC.

Por outra banda, deberase prestar especial atención á estimación de valores para garantir a comparación dos datos ao longo do tempo. Mantendo o exemplo do epígrafe anterior, se empregamos un reconto das bolsas de lixo, deberemos asegurarnos de que son sempre bolsas do mesmo tipo e tamaño, coa mesma capacidade, para poder empregar un sistema de pesada con só dalgunhas bolsas de xeito aleatorio.

En algúns indicadores emprégase unha análise de datos na que se se establece unha liña base ou ano inicial co que se comparan os valores da diferentes anualidades. Nestes casos cómpre facer unha análise de tendencias que axude a visualizar posibles cambios que inflúan nos resultados. Un exemplo sería a Covid-19, que afectou ás emisións GEI de moitas entidades, polo que os datos poden ser moi diferentes se se establece como ano base o 2015, o 2020 ou o 2022.

Na ferramenta pódese facer por unha banda o cálculo do VEN e do EXC e tamén o cálculo dos indicadores seleccionados introducindo os datos da anualidade. Para cada indicador establécese unha descrición e o detalle dos valores que se deben introducir como numerador e como denominador (referencia).

Para ver comparativas é preciso introducir os datos de máis dunha anualidade e acceder á pestana de gráficos.

Por último, cabe destacar que nalgúns aspectos pode ser de interese información de tipo cualitativo que aínda que non é comparable de xeito doado, pode evidenciar os esforzos da entidade e os avances en determinados ODS. Por exemplo, listar as coberturas dos seguros da entidade ante fenómenos climáticos poden ser un indicador de cumprimento do ODS 13, máis relevante para algunhas entidades que o cálculo da pegada de carbono.

A área social e de gobernanza é sen dúbida na que se presentan os maiores retos en canto a indicadores estandarizados. Neste senso, é importante coñecer que a día de hoxe non existen índices sinxelos para a avaliación de impactos sociais, malia que existen algunhas ferramentas para avaliar os mesmos que pode ser de utilidade incorporar como indicadores para determinadas entidades. No ANEXO III recóllense algunhas delas.



A promotora da cafetería crea un cuestionario de satisfacción laboral para recoller como indicador a puntuación media obtida nas diferentes anualidades, pero tamén incluírá os comentarios que as persoas empregadas deixen no espazo para observacións e melloras.

D. Plan de acción

O seguinte paso é desenvolver un plan de acción no que se determinen que medidas se levarán a cabo para a consecución dos obxectivos. Na ferramenta inclúense orientacións sobre diferentes medidas empresariais para acadar os ODS, algunhas xerais e outras categorizadas por sectores, e vinculadas tamén ao tamaño da entidade.

As medidas que unha entidade estableza para a consecución dos obxectivos propostos no primeiro paso do plan, formarán parte da súa diferenciación no mercado, contribuíndo a incrementar os beneficios empresariais que se definiron no terceiro epígrafe da introdución deste documento. Polo tanto, cómpre dedicar un tempo e sentarse a reflexionar sobre cales poderían ser as medidas máis axeitadas para a entidade, máis alá da indicación xeral que proporciona a ferramenta.

Deberemos ter en conta que ao igual que o establecemento dos obxectivos, as medidas deben ser o máis específicas posibles, alcanzables e realistas. Deste xeito, resulta moito máis útil a medida “instalar paneis solares para xerar o 20% da enerxía consumida” que a medida “empregar enerxías renovables”.



A promotora da cafetería estableceu como medidas para o obxectivo 8_5:

- Emprego dun software para a creación de quendas de xeito equitativo e optimizado.
- Redistribución dun 20% dos beneficios entre o cadro de persoal indefinido.
- Incremento os días de vacacións de 24 a 26.
- Contratación de empresa externa de limpeza para fins de semana e períodos con elevada carga de traballo.

A maiores de establecer as medidas que se van aplicar, un plan de implementación precisa da identificación dos axentes chave, internos e externos, necesarios para a súa consecución. Tamén se deben establecer prazos e na medida do posible determinar orzamentos ou fontes de financiamento necesarias para a execución das mesmas.

No caso de medidas complexas, pódese establecer un cronograma con diferentes fases para a súa implantación, desagregar os axentes chave necesarios para cada fase e tamén os orzamentos ou fontes de financiamento de cada etapa.



Na panadería, para a medida “Crear un obradoiro específico para produtos sen glute” decidiron crear un cronograma con tres fases: F1- Xan 26, F2- Xuño 27 e F3: Marzo 28. Tamén desagregaron os axentes chave, pois na F1 só precisan da persoa administrativa e do persoal da Administración para tramitar os permisos. Na F2 precisan da empresa de obras, e das persoas de produción que indicarán as necesidades do obrador. Na F3 precisan do persoal técnico dos equipos, e de persoal de publicidade.

Finalmente, a entidade debe revisar o plan de acción anualmente, unha vez avaliados os indicadores. Trátase dun documento dinámico, que á vista dos resultados obtidos, debe ser modificado para manter un enfoque de mellora continua. No caso de que os datos que proporcionan os indicadores non amosen melloría deben revisarse as posibles causas. Pódese tomar como referencia a seguinte árbore de decisión.




Diagrama de decisión para a mellora continua do plan de acción cando non se observa progresión nos indicadores.

E. Comunicación: características dos informes

Finalmente, aínda que se establece como último punto, a comunicación debe terse en conta ao lo go de todo o plan de ODS. En moitas ocasións, as entidades que implantan plans de ODS só consideran relevante comunicar os fitos acadados, centrándose especialmente na comunicación dos avances nos indicadores con resultados positivos.

Porén, o proceso de comunicación debe comezar por transmitir os obxectivos marcados pola entidade facendo reflexión sobre os impactos locais e globais aos que se quere contribuír. Ademais destes obxectivos tamén se deben comunicar as medidas a implementar, tanto cara a dentro como externamente, pois se internamente non se coñece o que facemos, mal se coñecerá fóra. Finalmente deben ser publicados en cada anualidade os resultados de avaliación dos diferentes indicadores. Esta información recóllese no que se coñece comunmente como informes non financeiros.

Estes informes deben ser concisos, consistentes, actualizados e comparables. Así, deberán evitar longos parágrafos explicativos e centrarse nos puntos prioritarios. Utilizar os mesmos indicadores nas avaliacións anuais facilitará a consistencia e comparabilidade dos resultados. As características máis importantes destes informes non financeiros son:

A transparencia e rendición de contas:

permiten aos grupos de interese coñecer a coherencia entre o que a entidade divulga e que realmente se fai.

Materialidade:

céntranse nos asuntos máis relevantes para a empresa.

Comparabilidade:

pois os datos poden contrastarse ao longo do tempo e con outras empresas do sector.

Integralidade:

abranguen o triplo balance (económico, social e ambiental) e vencéllano coa estratexia global da organización.

Periodicidade e accesibilidade:

son informes regulares, xeralmente anuais, e publicados para que estean accesibles aos grupos de interese.

Os epígrafes mínimos que os informes deben incluír son:

- Os impactos positivos e negativos da entidade en relación a persoas e o medio.
- A estratexia a seguir, indicando os obxectivos e metas
- Os indicadores que se van empregar para avaliar cada obxectivo.
- Os datos anuais e a análise comparativa coa liña base ou con anualidades anteriores que amosen o progreso ou regreso dos indicadores para cada obxectivo.
- Os obstáculos ou motivos polos que non se produciron os avances esperados e as medidas correctoras.

Poderán incluír tamén unha relación das principais partes interesadas e a súa vinculación para acadar os ODS.

Se a entidade vai formar parte dalgún grupo ou iniciativa de sostibilidade pode resultar útil realizar os informes nos mesmos prazos nos que se esixa enviar a información para manterse vinculado. Por exemplo, as entidades adheridas á Rede de Redes da Economía Alternativa e Solidaria (REAS) realizan unha auditoría social entre marzo e xullo, polo que resulta útil facer e publicar os informes da entidade neste período. Do mesmo xeito, aliñar o formato de presentación de resultado co esixido pode simplificar o traballo para a entidade e evitar a duplicidade de esforzos.

Existen múltiples formatos e formas de comunicar os resultados e cada entidade terá que atopar o que resulte máis acorde coa súa idiosincrasia e forma de traballo. Porén, pode atopar un modelo sinxelo e útil para comezar na ferramenta.



A panadería vai publicar os informes en PDF nunha sección de transparencia da páxina web, para que sexa accesible aos clientes, especialmente aos da tenda on-line.



A promotora da cafetería quere que os principais resultados anuais poidan extraerse en formato gráfico e axeitado para publicar en RRSS, pois será a súa principal canle de comunicación con clientes e candidatos para a selección de recursos humanos.

A maioría das empresas naceron e medraron nunha cultura da competencia e da diferenciación, lonxe dos conceptos de colaboración e cooperación que se precisan para acadar os ODS. Para avanzar no eido da sostibilidade global, cómpre darse conta de que a maior parte de ideas, tecnoloxías e recursos para acadar os ODS xa existen e a tarefa que debemos abordar realmente consiste en introducilos e combinalos dun xeito transformador.

Promover alianzas para un desenvolvemento transformacional, no que as partes implicadas son esenciais para a transformación pero tamén van ser intrinsecamente transformadas, é o único xeito de contribuír aos ODS de xeito integral. Por sorte, a maior parte das entidades de economía social xa caeron na conta de que tomar decisións estratéxicas pensando simplemente no rédito financeiro e no curto-medio prazo non só non é garantía de éxito senón que compromete o seu futuro a longo prazo. Con isto como base, é máis doado atopar nestas EES aliados para crear impactos positivos.

Crear estas alianzas de alto impacto implica maximizar os resultados e acadar o que se coñece como o incremento colaborativo, isto é, un impacto adicional ao que suporía a suma dos impactos individuais dos aliados implicados.

Algúns consellos para facilitar a creación destas alianzas son:

- Poñer o foco en pequenas empresas. A miúdo, as multinacionais, aínda que teñen maiores recursos e persoal, teñen unha estrutura de mando complexa, con diferentes rangos territoriais e protocolos internos que dificultan a creación de alianzas e o desenvolvemento de determinados proxectos.
- As pequenas entidades da economía social non adoitan dedicar grandes sumas de diñeiro a proxectos con terceiras partes se non están perfectamente aliñados cos seus intereses. Polo tanto, centrar a busca de aliados en entidades que poidan achegar máis alá do económico.
- Ser conscientes de que tanto a propia entidade como o resto de entidades teñen recursos, humanos e materiais limitados, e polo tanto os obxectivos deben ser claros e concisos.
- Poñer sobre a mesa os intereses compartidos e os conflitos de interese dende o primeiro momento para garantir transparencia e facilitar o proceso.

ANEXO I: ODS e metas

ODS_Meta	Meta	Sectores
1_1	Erradicar a pobreza extrema no mundo	Saúde, Educación, Comercio, Artesán
1_2	Reducir á metade a poboación de persoas que viven na pobreza	Todos
1_5	Fomentar a resiliencia das persoas en situación de pobreza a desastres económicos sociais e ambientais	Todos
2_1	Poñer fin á fame e garantir unha alimentación saudable e suficiente todo o ano	Agrícola, Gandeiro, Pesqueiro, Industrial, Comercio, Saúde, Artesán, Enerxético, Loxística
2_3	Duplicar a produtividade agrícola e os ingresos de pequenos produtores	Agrícola, Comercio
2_4	Garantir a sostibilidade das prácticas agrícolas de produción de alimentos	Agrícola
2_5	Manter a diversidade xenética de sementes, plantas e animais	Agrícola, Gandeiro, Pesqueiro
3_1	Reducir a taxa mundial de mortalidade materna a menos de 70/100.000	Todos
3_2	Poñer fin ás mortes evitables de menores de 5 anos	Todos
3_3	Poñer fin ás epidemias de SIDA, tuberculose, malaria e doenzas tropicais, combatir a hepatite e outras enfermidades transmisibles	Todos
3_4	Reducir $\frac{1}{3}$ a mortalidade por enfermidades non transmisibles e promover a saúde mental	Saúde
3_5	Fortalecer a prevención a tratamento do abuso de substancias adictivas	Saúde
3_6	Reducir á metade o número de mortes e lesións por accidentes de tráfico	Saúde
3_7	Garantir o acceso universal ao servizos de saúde sexual e reprodutiva	Loxística, Saúde
3_8	Lograr a cobertura sanitaria universal	Saúde, Educación
3_9	Reducir o número de mortes e enfermidades producidas por produtos químicos perigosos, contaminación de aire, auga e solo	Industrial, Saúde, Construción, Enerxético, Loxística, Comercio
3_a	Fortalecer a aplicación do Convenio Marco para o control do tabaco	Saúde
4_1	Garantir que todos os nenos e nenas teñan acceso a educación infantil e rematen a educación primaria e secundaria	Educación, Cultura

ODS_Meta	Meta	Sectores
4_3	Garantir o acceso igualitario a unha formación técnica profesional de calidade	Educación, Artesán, Construción, Enerxético, Industrial
4_4	Aumentar o número de personas con competencias profesionais para o acceso ao emprego ou emprendemento	Educación
4_5	Eliminar as disparidades de xénero na educación	Educación, Cultura
4_7	Asegurar que os alumnos adquiren coñecementos sobre desenvolvemento sostible	Educación, Cultura
4_a	Adecuar as instalacións educativas para persoas con discapacidade e garantir a educación inclusiva	Educación, Cultura, Artesán, Industrial
5_1	Poñer fin a tódolos xeitos de discriminación contra mulleres e nenas no mundo	Educación, Saúde, Artesán
5_2	Eliminar tódolos xeitos de violencia contra mulleres e nenas	Educación, Saúde
5_4	Recoñecer e valorar os traballos domésticos e de coidados non remunerados e promover a responsabilidade compartida	Educación, Saúde
5_5	Asegurar a igualdade de oportunidades das mulleres no liderado a todos os niveis	Educación, Artesán
5_b	Mellorar o uso da tecnoloxía instrumental para o empoderamento feminino	Educación, Saúde, Artesán
6_1	Acceso universal e equitativo a auga potable a precio accesible	Todos
6_2	Acceso a servizos de saneamento e hixiene axeitados	Todos
6_3	Mellorar a calidade da auga, reducindo os verquidos, o uso de químicos e tratando as augas residuais	Construción, Saúde, Industrial, Turismo
6_4	Aumentar o uso eficiente dos recursos hídricos de todos os sectores	Industrial, Gandeiro, Agrícola, Turismo, Saúde
6_6	Protexer os ecosistemas relacionados coa auga	Pesqueiro, Industrial, Turismo
7_1	Garantir o acceso universal a servizos enerxéticos accesibles e fiables	Enerxético
7_2	Aumentar considerablemente o uso de enerxía renovable	Enerxético, Industrial, Loxística
7_3	Duplicar a taxa mundial de mellora da eficiencia enerxética	Enerxético, Industrial
7_4	Facilitar o acceso á investigación tecnolóxica no relativo á enerxía limpa	Enerxético
8_4	Mellorar a produción e consumo eficientes dos recursos mundiais e desvincular o crecemento económico da degradación do medio ambiente	Industrial, Artesán
8_5	Creación de emprego decente, con igualdade de remuneración por traballo de igual valor	Industrial, Comercio, Artesán, Cultural
8_6	Reducir o número de personas mozas que non traballan nin reciben formación	Industrial, Artesán
8_7	Erradicar o traballo forzoso, incluídas as formas contemporáneas de escravitude, o traballo infantil e a trata de persoas.	Educación, Industrial, Comercio, Artesán, Cultura

ODS_Meta	Meta	Sectores
8_8	Protexer os dereitos laborais e promover un entorno de traballo seguro	Educación, Industrial, Comercio, Artesán, Cultura
8_9	Promover un turismo sostible que cree emprego e fomente a cultura e os produtos locais	Turismo, Cultura
9_1	Desenvolver infraestrutura fiable, sostible, resiliente e de calidade	Construcción, Turismo, Industrial, Enerxético, Loxística
9_2	Promover unha industrialización inclusiva e sostible	Industrial, Artesán, Construción, Loxística
9_3	Incrementar o acceso a pequenas industrias	Industrial, Comercio, Enerxético, Loxística
9_4	Incrementar o acceso á tecnoloxía, investigación e innovación para mellorar a capacidade de diversificación industrial	Industrial, Educación, Artesán, Construción
10_2	Potenciar a inclusión social, económica e política das persoas	Comercio, Educación, Saúde, Cultura
10_3	Garantir a igualdade de oportunidades	Comercio, Educación, Saúde, Cultura
10_7	Facilitar a migración e mobilidade ordenadas, seguras, regulares e responsables	Turismo, Educación, Saúde
11_2	Proporcionar acceso a sistemas de transporte seguros, sostibles e accesibles para todos	Loxística, Turismo, Construción
11_3	Aumentar a urbanización inclusiva e sostible	Construcción, Comercio, Industrial, Turismo, Loxística
11_4	Protexer o patrimonio cultural e natural	Cultura, Educación, Turismo, Construción, Loxística, Artesán
11_5	Reducir o número de mortes causadas por desastres e as perdas económicas relacionadas	Construción
11_6	Reducir o impacto medioambiental negativo das cidades	Turismo, Artesán, Construción, Loxística
11_7	Proporcionar acceso universal a zonas verdes e espazos públicos seguros, inclusivos e accesibles	Construción, Turismo
11_a	Apoiar vínculos económicos, sociais e ambientais entre zonas urbanas e rurais	Industrial, Comercio, Cultura, Turismo, Artesán
12_2	Lograr unha xestión sostible e uso eficiente dos recursos naturais	Industrial, Artesán, Agrícola, Gandeiro, Forestal, Construción, Turismo
12_3	Reducir á metade o desperdicio de alimentos	Agrícola, Gandeiro, Pesqueiro, Comercio Industrial, Artesán, Turismo
12_4	Xestión racional de produtos químicos e residuos	Industrial, Comercio, Artesán, Agrícola, Gandeiro, Construción,
12_5	Reducir considerablemente a cantidade de lixo mediante a redución, reciclado e reutilización	Agrícola, Gandeiro, Industrial, Comercio, Construción, Enerxético, Loxística, Turismo

ODS_Meta	Meta	Sectores
13_1	Fortalecer a capacidade de resiliencia e adaptación aos riscos relacionados co clima e desastres naturais	Todos
13_3	Educación e sensibilizar respecto á mitigación do cambio climático	Educación, Agrícola, Gandeiro, Industrial, Construción, Comercio, Enerxético, Loxística, Turismo
14_1	Previr e reducir a contaminación mariña e protexer os ecosistemas costeiros e mariños	Pesqueiro, Agrícola, Gandeiro, Industrial, Turismo
14_3	Minimizar a acidificación dos océanos	Industrial, Pesqueiro, Gandeiro, Agrícola, Artesán
14_4	Poñer fin á pesca excesiva, ilegal, non declarada e non regulamentada e ás prácticas pesqueiras destructivas	Pesqueiro
14_b	Facilitar o acceso aos pescadores artesanais a recursos mariños e mercados	Pesqueiro, Comercio, Artesán
14_c	Mellorar a conservación e uso sostible dos océanos	Turismo, Pesqueiro, Gandeiro, Agrícola, Industrial, Comercio, Construción
15_1	Velar pola conservación, restablecemento e uso sostible dos ecosistemas terrestres e de auga doce	Todos
15_2	Promover a xestión sostible dos montes, poñer fin á deforestación	Forestal, Industrial, Comercio, Artesán
15_3	Loitar contra a desertificación	Agrícola, Forestal, Industrial, Construción, Gandeiro
15_5	Deter a perda de diversidade biolóxica e protexer ás especies ameazadas para evitar a súa extinción	Cultura, Educación, Agrícola, Gandeiro, Industrial
15_7	Poñer fin á caza furtiva e ó tráfico de especies protexidas	Cultura, Educación, Agrícola, Gandeiro, Forestal, Turismo
15_8	Previr a introdución de especies exóticas invasoras e reducir os seus efectos nos ecosistemas	Turismo, Comercio, Agrícola, Gandeiro, Forestal
16_2	Reducir tódalas formas de violencia e mortes derivadas, maltrato, explotación, trata e tortura	Educación, Construción, Enerxético, Industrial
16_5	Reducir a corrupción e o soborno	Educación
16_7	Garantir a adopción de decisións inclusivas, participativas e representativas para responder ás diferentes necesidades	Educación
16_9	Proporcionar acceso a una identidade xurídica, acceso á información e protección das liberdades fundamentais	Educación
17_10	Promover un sistema de comercio multilateral universal, aberto e non discriminatorio	Outros
17_17	Fomentar a constitución de alianzas eficaces das esferas pública, privada e sociedade civil	Outros
17_5	Adoptar sistemas de promoción de inversión en países menos adiantados	Comercio, Loxística, Educación, Outros
17_7	Promover o desenvolvemento de tecnoloxías ecolóxicamente racionais e a súa transferencia, divulgación e difusión	Todos

ANEXO II: principais indicadores estandarizados

Nome do indicador	Definición/Medición	Fonte de datos
ÁREA ECONÓMICA		
Ingresos	Cantidades percibidas por vendas	Contas do grupo 7 do PXC (Plan Xeral Contable)
Valor engadido bruto (VEB)	Diferenza entre ingresos e custes. É dicir, é a riqueza que xera a entidade e pode distribuír.	Contas do grupo 7- contas do grupo 60 e 62 do PXC
Valor engadido neto (VEN)	Considera o VEB descontando as amortizacións do inmovilizado.	Contas do grupo 7- contas do grupo 60, 62 e 68 do PXC
Impostos	Tódalas cantidades pagadas ás administracións en concepto de impostos, taxas, sancións por cuestións administrativas, licenzas, etc. Non se inclúen sancións por cuestións medioambientais ou doutro tipo.	Contas 63, 678 no caso de sancións, e revisar as contas 206/202 do PXC, no caso de licencias de dereito de uso a longo prazo.
Investimentos verdes	Inclúen todos os gastos que poden considerarse directa ou indirectamente positivos para o medio ambiente. Inclúe investimentos en enerxías renovables, sistemas de eficiencia enerxética, depuración, etc	Debe revisarse nas facturas e considerar se son gastos correntes ou non correntes.
Investimentos comunitarios	Doazóns benéficas voluntarias e investimentos na comunidade (en infraestruturas, proxectos, etc). Sempre se deben excluír aqueles investimentos con propósitos empresariais. Ex. melloras nunha estrada pública que da acceso ás instalacións propias da empresa. Deben incluírse tamén os investimentos non monetarios (voluntariados, horas de persoal dedicado a proxectos non remunerados, etc).	Conta 659, 650, 678 do PXC e facturas dos investimentos realizados, que poden ser amortizables ou non. Rexistros xornadas laborais.
Gastos en I+D	Inclúe todos os custos e investimentos en investigación e desenvolvemento de novos produtos ou servizos. Pode desagregarse ou considerarse por categorías, verde (se os produtos ou servizos diminúen o impacto ambiental), enerxética (se se trata de fontes de enerxía novas ou sistemas ou produtos que melloran a eficiencia enerxética) etc.	Xeralmente aparecen nas contas 200 e 201 do PXC e nas correspondentes de amortización, a non ser que se trate de gasto corrente.
Adquisicións locais	Porcentaxe de gasto local referido ao gasto total. Debido á variabilidade que pode existir no concepto de "local" en función do tipo de produtos ou servizos, e da dificultade de categorizar aos provedores en función dos km aos que producen os bens ou servizos, o estándar considera local todo o producido dentro do mesmo país que se atopa a entidade informante.	Recoméndase establecer unha clasificación de provedores como mínimo nas seguintes categorías: rexión (NUT II a nivel estadístico-CCAA en España, e de rexión en Portugal) e país. De interese para incrementar o valor deste indicador compras en provedores de Comercio Xusto, Mercado Social, Certificacións Ecolóxicas ou Sostibles e pequenos produtores ou provedores.

Nome do indicador	Definición/Medición	Fonte de datos
ÁREA AMBIENTAL		
Auga reciclada e reutilizada	Cantidade de auga reutilizada ou reciclada. Recoméndase referilo ao total de auga empregada.	O dato pode ser medido directamente mediante sistemas específicos ou estimado a través de datos dos procesos e maquinarias empregadas. No caso de sectores non industriais pode obterse da factura da auga.
Eficiencia hídrica	Cantidade que resulta de dividir a auga empregada entre o Valor Engadido Neto (VEN)	O dato da auga debe obterse de contadores en cada instalación. Se non fose posible, pode obterse mediante estimación a través dos procesos e maquinarias empregadas. Tamén poden empregarse os datos das facturas da auga da entidade.
Estrés hídrico	Fai referencia á extracción total de auga (superficial, subterránea, pluvial e residual) respecto a escaseza de auga da zona.	O dato da auga pode obterse directamente de contadores de caudal ou estimarse a través dos procesos e maquinarias empregadas. O cómputo de litros tamén pode obterse de facturas da auga da entidade. Para referir o dato ao contexto xeográfico poden utilizarse ferramentas como: https://www.miteco.gob.es/es/agua/temas/observatorio-nacional-de-la-sequia/informes-mapas-seguimiento.html ou https://www.ipma.pt/pt/oclima/observatorio.secas/
Xeración de residuos	Mide a cantidade de saídas non produtivas en función do Valor Engadido Neto (VEN). Non se teñen en conta as emisións de gases nin de augas residuais.	A cantidade de residuos debería ser pesada ou medida volumetricamente e logo convertida a peso. De non ser posible pode tomarse en conta o custo da xestión dos residuos cando son xestionados por terceiros e existe una correlación entre custo e cantidade de residuos. Segundo o caso, tamén se poden obter estimacións.
Reutilización, remanufacturación e reciclaxe	Mide a cantidade de materiais procesados segundo os criterios de reutilización, remanufacturación ou reciclaxe. Especificase en cantidade total por cada un destes procesos e tamén sobre o total da xeración de residuos, en %. Tamén se debe indicar en relación ao VEN.	A maioría destes procesos implican a contratación de terceiros autorizados pola lei, polo que poderanse atopar os datos de tonelaxes nos contratos e facturas.
Xeración de residuos perigosos	Cantidade de residuos perigosos catalogados como tal na lexislación. Debe considerarse tamén o dato desagregado dos Kg de residuos perigosos tratados ou pretratados de ser o caso.	Adóitase levar un recuento exhaustivo destes residuos, pois a súa xestión depende de terceiros autorizados pola lei.
Emisións directas de GEI	Datos de emisións de GEI de alcance 1: por combustión de combustibles fósiles na entidade, tanto de instalacións físicas como transportes, por xeración no proceso industrial (Ex. cimenteiras) e por escapes de gases dos sistemas de refrixeración ou distribución. Débese reportar en Kg equivalentes de CO ₂ e tamén referidos ao VEN.	Existen follas de cálculo do MITECO que facilitan a estimación deste indicador a través do consumo de litros de combustibles fósiles e/ou quilometraxes de vehículos. Para recompilar os litros e quilometraxes débese consultar as facturas e as follas de gasto das persoas empregadas. https://www.miteco.gob.es/es/cambio-climatico/temas/mitigacion-politicas-y-medidas/calculadoras.html#huella-de-carbono-de-una-organizacion_-alcance-1_2
Emisións indirectas de GEI	Datos de emisións de GEI de alcance 2: refírese principalmente á enerxía eléctrica, térmica ou vapor mercados a terceiros. Deben expresarse en Kg equivalentes de CO ₂ e tamén referidos ao VEN	Existen follas de cálculo do MITECO que facilitan a estimación deste indicador a través do consumo de KW que pode obterse das facturas e indicando as comercializadoras ou datos de % de renovables que emprega a empresa subministradora. https://www.miteco.gob.es/es/cambio-climatico/temas/mitigacion-politicas-y-medidas/calculadoras.html#huella-de-carbono-de-una-organizacion_-alcance-1_2
Dependencia de substancias ou produtos que esgotan a capa de ozono	Mide o uso de produtos químicos, xeralmente de cloro e bromo, que esgotan a capa de ozono. Estes produtos figuran no Protocolo de Montreal e deben reportarse por Kg de equivalentes CFC-11 tanto sexan producidos, mercados ou acumulados. Deben referirse tamén os datos ao VEN.	Os datos poden obterse de medición directa se a entidade produce os químicos, por revisión das facturas, se os merca ou por revisión das especificacións dos equipos (aires acondicionados, refrixeradores, etc) se os mantén almacenados
Enerxía renovable	Indica a cantidade de enerxía de orixe renovable sobre o total de enerxía consumida pola entidade. Debe expresarse en Joules e referirse tamén ao VEN.	A maioría das entidades mercan a enerxía que consumen polo que os datos poderán recollerse das facturas. Para aquelas que dispoñan de autoabastecemento, precisarán un sistema para a recompilación da cantidade de enerxía xerada e consumida ou subministrada á rede.
Eficiencia enerxética	Consiste na cantidade de enerxía consumida (total) dividida polo VEN.	Os datos da enerxía consumida deben obterse de facturas ou do sistema de datos se a entidade conta con autoabastecemento
Uso de solo próximo a áreas sensibles	Hectáreas de solo propio, alugado ou xestionado pola entidade que están dentro ou adxacentes a áreas protexidas ou de especial interese para a biodiversidade. Pode terse en conta a degradación do solo, a desertificación e/ou a presenza ou proximidade a áreas de interese cultural, edificios históricos ou outro tipo de áreas sensibles	A información sobre as áreas protexidas ou de especial interese pode atoparse consultando estas dúas ligazóns: https://www.keybiodiversityareas.org/kba-data e https://www.protectedplanet.net/country/ESP Outro visor que pode axudar a identificar áreas de interese son: https://mapas.xunta.gal/visores/basico/ https://iepnb.gob.es/visor-bdn/ No caso da desertificación pode tomarse como referencia: https://www.arcgis.com/apps/View/index.html?appid=c3ebf5d95fea4aec80a4caf5491635d4

Nome do indicador	Definición/Medición	Fonte de datos
ÁREA SOCIAL		
Mulleres en cargos directivos	Expresa o número de mulleres en postos directivos sobre o total de persoas empregadas. As persoas empregadas deben considerarse como reconto de equivalentes de xornada completa. Se existen dúbidas sobre o que se deben considerar postos directivos débese consultar a clasificación estándar internacional de ocupacións 2008 (ISCO-08). É recomendable desagregar por tipo de contrato, grupos de idade e duración da xornada.	A información obtense do organigrama xeral da entidade e da axeitada xestión dos recursos humanos.
Horas de formación	Expresa o número de horas de formación por persoa traballadora. Deben incluírse todas as horas de formación soportadas pola entidade (en custos ou en cesión de horas, e excedencias remuneradas). Deben dividirse polo reconto de equivalentes de xornada completa e é recomendable desagregar os datos por xénero, grupos de idade e categoría laboral.	A información pode obterse de contratos ou facturas no caso de formación externa, de firmas de acordos ou revisión de solicitudes de excedencias ou permisos de persoas empregadas.
Gastos de formación	Consiste no investimento que a entidade realiza para a capacitación das persoas traballadoras. Poden contemplarse os gastos directos e indirectos da formación (taxas, persoal formador, desprazamentos, equipos, instalacións, etc.) Deben dividirse polo reconto de equivalentes de xornada completa e é recomendable desgregar os datos por xénero, grupos de idade e categoría laboral.	A información debe obterse das facturas correspondentes. Poden orientar as contas de gasto 629 e a 778 do PXC, de ingresos excepcionais, no caso de formación bonificada.
Salarios e beneficios	Mide o custo salarial total da entidade e debe desagregarse por xénero, grupos de idade e categoría laboral e referirse ao VEN.	Poden axudar a recompilar a información as contas 640 e 642 do PXC, que recollen os soldos e salarios e a seguridade social a cargo da entidade. Debe terse en conta tamén a 4751 para as retencións do IRPF. Porén, se non se conta cunha xestión de RRHH máis concreta non poderán realizarse os informes desagregados
Investimentos en saúde e seguridade	Gastos totais que asume a entidade para garantir a saúde e seguridade laboral das persoas traballadoras. Inclúe custos de equipos de protección individual e colectiva, atención médica e recoñecementos médicos, programas de saúde e prevención, seguros, etc e exprésase en % sobre o VEN.	Debe levarse a cabo unha revisión das facturas tanto de gasto corrente como de gasto inventariable para recompilar a información relevante para este indicador.
Taxa de incidencia de lesións	Número de lesións, accidentes ou enfermidades profesionais dividido entre o número de persoas traballadoras. Deben terse en conta a saúde mental e desagregar os datos por xénero.	Poden recompilarse os datos da mutua.
Convenio colectivo	Número de persoas empregadas ás que se lles aplica un convenio colectivo determinado sobre o total de persoas traballadoras. Debe incluír o detalle das medidas do convenio colectivo.	Debe levarse un rexistro de RRHH aínda que adoita asimilarse a un reconto das persoas traballadoras contratadas directamente pola entidade (aplicalles o convenio colectivo) e subcontratadas ou contratadas por empresas de traballo temporal. En ocasións, determinados beneficios dependen da antigüidade, cargo ou categoría profesional, polo que neste caso poden obterse tamén dos datos dos contratos.
ÁREA INSTITUCIONAL (só para entidades nas que aplica)		
Reunións do consello e asistencias	Número de reunións do consello de administración ou semellante e porcentaxe de asistencia.	Nas entidades de economía social pode facerse referencia ao número de asembleas e a participación nas mesmas.
Mulleres no consello	Número de mulleres no consello de administración ou semellante sobre o total de persoas que o conforman	Nas entidades de economía social pode facerse referencia ao número de persoas.
Idade das persoas membros do consello	Clasificación en grupos de idade das persoas que conforman o consello atendendo a se son menores de 30 anos, entre 30 e 50 anos ou maiores de 50 anos.	Nas entidades de economía social pode facerse referencia ao número de persoas socias.
Reunión do comité de auditoría	Número de reunións do comité de auditoría. No caso de non habelo, pode reflectirse un indicador dos sistemas de transparencia dos que dispón a entidade, por exemplo, nº de documentos públicos interna e/ou externamente, nº de reunións ou procesos abertos a participación de persoas traballadoras, cidadanía, etc	Entidade auditora.
Remuneración por persoa do consello	Remuneracións das persoas do consello con e sen responsabilidades de xestión na entidade. Se non existe consello pode facer referencia a cargos directivos.	Xestión de recursos humanos.
Incidentes de corrupción reportados	Inclúen suborno, pagos para a facilitación, fraude, extorsión, branqueo de capitais, oferta e recepción de agasallos, préstamos honorarios ou recompensas ou outras vantaxes como incentivos para realizar accións deshonestas, ilegais ou que representen un abuso de confianza. Tamén inclúe malversación de fondos, tráfico de influencias, abuso de funcións, enriquecemento ilícito e ocultación ou obstrución á xustiza	Como soamente se deben ter en conta os casos confirmados, debería obterse de xeito doado de sentenzas xudiciais ou en todo caso do sistema de queixas e reclamacións da entidade.

ANEXO III: ferramentas e ligazóns de utilidade

ERP:

[Bi-trix24](#)
[Dolibarr](#)
[ERPNext](#)
[Odoo](#)
[Tryton](#)

Cálculos indicadores:

[Cálculo pegada carbono](#)
[Cálculo pegada hídrica](#)

Ferramentas para analizar cadeas de valor ou impactos dunha actividade:

[Ferramenta de análise da cadea de valor](#)
[Guía xeral para desenvolver cadeas de valor](#)
[Análise de impacto B corp](#)
[Guía de análise de impactos](#)

Matriz de materialidade:

[Guía](#)

Ferramentas para RSE:

[Guía RSE para negocios Asociación Traballadores Autónomos \(ATA\)](#)
[Guía RSE para PEMEs Fondo Multilateral de Inversiones \(FOMIN\)](#)
[Guía RSE \(ANIMAR\)](#)

Ferramentas para avaliar impactos sociais de difícil cuantificación:

[Medición do valor do Impacto Social Empresarial](#)
[Sistemas de medición de impacto adaptados a PEMEs](#)
[Pegada Social, índices SERES](#)

Integración de exemplos na ferramenta:

[Empresa consolidada](#)
[Proxecto emprendedor](#)

6. BIBLIOGRAFÍA

El sector privado ante los ODS. Guía práctica para la acción. Red Española del Pacto Mundial de Naciones Unidas. 2016

Integrating the SDGs in corporate reporting: a practical guide. United Nations Global Compact & Global Reporting Initiative (GRI). 2018

ODS, hoja de ruta para empresas. Fundación Sociedad y Empresa Responsable (SERES). 2018

Climate Disclosure Standards Board (CDSB) Framework for reporting environmental & social information. CDSB Secretariat. 2022

Estándares GRI Consolidados. Global Sustainability Standard Board (GSSB) 2024 Guidance on Core Indicators for Sustainability and SDG Impact Reporting. United Nations. 2022

La guía para la acción empresarial en los ODS. SDG Compass. GRI & United Nations Global Compact & WBCSD, 2019

The SDG Partnership Guidebook. United Nations. 2022 Impact Measurement Systems Available For Sustainable MSMEs.

MedWaves, the UNEP/MAP Regional Activity Centre for SCP. Barcelona, 2024.

7. GLOSARIO

Agripooler: profesionais de cooperativas ou organizacións agroalimentarias que se adican ao asesoramento ou comparten información sobre o sistema de traballo das mesmas.

Cadea de valor: modelo de análise empresarial que describe o conxunto de actividades que realiza unha organización para crear valor nun produto ou servizo dende a súa concepción ata a entrega final.

EES: Entidades de economía social

ERP: Enterprise Resource Planning ou sistema de planificación de recursos empresariais. É un software de xestión integral que permite planificar, coordinar e controlar de xeito centralizado os procesos chave dunha empresa.

Escala Likert: é un instrumento de valoración do acordo ou desacordo que unha persoa manifesta respecto a un ítem dunha enquisa.

EXC: Equivalente de Xornada Completa

GEI: Gas de Efecto Invernadoiro

I+D+i: Investigación, Desenvolvemento e innovación

Matriz de materialidade: ferramenta de análise estratéxica que permite identificar, priorizar e representar graficamente os temas máis relevantes para unha organización segundo a importancia para os grupos de interese e para o negocio.

ODS: Obxectivo de Desenvolvemento Sostible

ONG: Organización Non Governamental

Pacto Mundial: iniciativa da ONU de sostibilidade empresarial que conta cunha Rede Española e outra Portuguesa.

PXC: Plan Xeral Contable

REAS: Rede de Redes da Economía Alternativa e Solidaria

RRHH: Recursos Humanos

RRSS: Redes Sociais

RSE: Responsabilidade Social Empresarial

SMART: acrónimo en lingua inglesa para recoller os termos Specific, Measurable, Achievable, Realistic, Time-bound, que en galego serían específico, medible, alcanzable, relevante e temporalizado.

VEN: Valor Engadido Neto

Proxecto POCTEP

ES-FACTORY

Rede de aceleradoras da economía social
para impulsar e consolidar as actividades
nas novas economías emerxentes.

FINANCIAMENTO:

Actuación desenvolvida no marco do proxecto ES-Factory



Financiado nun 75% pola Unión Europea a través do Programa Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 e cofinanciada a través de Eusumo (convocatoria 2025)

As opinións son exclusiva responsabilidade do autor que as emite.